



Contra o silencio e contra a desinformación

Víctor F. Freixanes

En setembro do ano 2001 o Consello da Cultura Galega convocou en Santiago de Compostela o Congreso Internacional do Exilio Galego. Investigadores e estudosos de distinta procedencia, aínda que todos eles relacionados coa cultura galega, reflexionaron xuntos durante cinco días arredor dun feito histórico de enorme trascendencia para a cultura e a vida política española e, xa que logo, de Galicia. Un Comité de Organización, constituído por Pilar Cagiao Vila, Henrique Monteagudo, Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Axeitos, Marcelino X. Fernández Santiago, Xosé Manuel Núñez Seixas e Miguel Anxo Seixas, e un Comité Científico máis amplo, con intelectuais e especialistas en distintas disciplinas, configuraron un encontro que acadou un excelente nivel. Proba do seu interese son as case que 30.000 visitas que dende entón recibiu ao respecto o portal electrónico do Consello da Cultura Galega: <http://www.culturagalega.org>.

A guerra civil de 1936-1939 significou para España e para Galicia moito máis ca unha traxedia (cárceres, asasinatos, desterro, familias desfeitas), significou a fenda que tronizou historicamente o seu acceso á modernidade. Non foron só os anos feroces da contenda, senón a represión, o profundo esvaciamento que se produce despois, ata ben andados os anos 60 polo menos, e que en moitos aspectos xa non se puido recuperar nin reconstruír nunca.

Milleiros de persoas marcharon para o exilio. Aínda hoxe non sabemos as cifras. O mellor da nosa mocidade, talentos na súa madurez creativa, líderes sociais e intelectuais de primeira liña víronse forzados, de súpeto, a abandonar o seu país (e España) e procurar noutros horizontes, principalmente en América, a súa supervivencia. Primeiro coa esperanza de axiña volver, mais, segundo transcorría o tempo e os acontecementos internacionais configuraban o que coñecemos como Guerra Fría, convencidos de que a estadía había de ser longa, moito máis longa do que imaxinaban, e nalgúns casos definitiva.

Coa guerra, Galicia perdeu as súas institucións democráticas, o proxecto de futuro colectivo que nelas se xestaba, aquel primeiro Estatuto de Autonomía, plebiscitado o 28 de xuño de 1936, no que tantas esperanzas se poñían... Perdeu os seus homes de referencia (e algunhas mulleres), o seu pulo máis ilusionado, aquel “tempo de entusiasmo” do que falaba Rafael Dieste... En certa maneira perdeu tamén a brúxola de si mesma.

◀ Isaac Díaz Pardo, *Xentes que ollan*, óleo sobre papel, 1960

Neste número de GRIAL reunimos algunhas das máis valiosas contribucións a aqueles encontros de Compostela, neste caso cun denominador común: as consecuencias que a traxedia civil e os anos seguintes de exilio tiveron para o pensamento e a cultura daquela Galicia tronzada.

Existe unha visión interesada, á que contribuíu eficazmente a propaganda da ditadura franquista, que presenta a sociedade galega dos anos 20 e dos anos 30 coma unha realidade rural, deprimida, ancorada nas estruturas da premodernidade, que se incorporou sen protestas nin apenas resistencia ás directrices do novo réxime. Certo que, no seu conxunto, Galicia era unha sociedade atrasada, se a comparamos con outras, resultado en parte da súa propia historia, do seu inmovilismo social e da súa dependencia. Mais tamén é certo que neses anos, entre finais da década dos 20 e a alborada ilusionante da Segunda República, algo estaba a cambiar. A influencia dos emigrantes americanos, que en moitos aspectos actuaron como dinamizadores sociais, introducindo no país non só recursos, mais tamén novas ideas; a mecánica de sectores específicos da iniciativa industrial e ilustrada, o desenvolvemento da cultura urbana, a aparición de minorías intelectuais cada vez máis activas e mellor organizadas, etc., viñan avivecendo de atrás dinámicas transformadoras que empezaban a dar froito. A Universidade, o discurso galeguista, o sindicalismo, o movemento agrario, centros de experimentación tecnolóxica, o novo Maxisterio (cada vez máis comprometido na alfabetización e na formación das novas xeracións), persoeiros sinalados que cada vez tiñan máis influencia na vida social e na conciencia cívica e participativa do país, conformaban un novo caldo de cultivo, activo e esperanzado, que aínda que provocaba tensións sociais (inevitables para a transformación do conxunto) estaban a construír, complementariamente, un proxecto de futuro que a guerra estragou.

Moitas destas persoas (as que non foron asasinadas ou amordazadas polo terror) desenvolveron a súa actividade nos novos países de acollida, nalgúns casos loitando por manter aceso o lume daquela esperanza e da nosa identidade. Pero no seu conxunto, Galicia quedou fanada. Disto falamos nas seguintes páxinas.

Alfonso Mato dá conta da represión e desfeita do Seminario de Estudos Galegos (1923), acaso a iniciativa máis ambiciosa deste período. Antón Costa Rico lembra o durísimo castigo que recibiu o sector do Maxisterio. Recordemos o debuxo de Castelao: os dous nenos que contemplan a “derradeira lección” do mestre. Os profesores Bermejo, Díaz Fierros e Gurriarán repasan a longa nómina de catedráticos e profesores que tiveron que abandonar a Universidade, coas consecuencias que tal baleirado trouxo para o discurso de modernización da ciencia no país. Xosé Manuel Maceira Fernández e Víctor Fuentes analizan casos concretos de intelectuais mortos ou exiliados. Rosa María López González infórmanos da presenza dos republicanos galegos nos campos de concentración do sur de Francia e da Alemaña nazi. Máis dun cento de galegos morreron nos campos de Mathausen e Gusen, durante a Segunda Guerra Mundial.


Xosé Díaz evoca a figura xigantesca de Luís Seoane, con referencia específica á súa achega ao cartelismo e ás novas linguaxes gráficas dende a Arxentina. Xosé A. Coira Nieto e Miguel Anxo Fernández, no apartado de Artes e Ciencias da Representación, fan relato dalgúns nomes e das primeiras experiencias do cine (Carlos Velo, Xosé Suárez, Ramón Barreiro, Ángel e Demetrio Bilbatúa...), a nova arte, que daquela empezaba a agromar.

6



Alfonso R. Castelao, “A derradeira lección do mestre”, *Galicia mártir*, 1937

Dende os campos de concentración de Francia os republicanos galegos parten cara ao exilio. A bordo do buque *Ipanema*, en 1939, de esquerda a dereita: Xusto Couto, Roxelio Rodríguez de Breaña, Elixio Rodríguez, Carlos Tomé, Búa Rivas, Andrés Valín, Florencio Delgado Gurriarán, Ramón Cabanillas, Xoán López Durá; deitado: Serafin Ferro ▶



Os traballos de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda e de Xesús Alonso Montero, que incluímos na sección Documentos, son merecentes dunha mención especial

Álvarez Ruiz de Ojeda rescata dos arquivos da Deputación de Ourense catorce cartas inéditas que, neste período, Manuel Azaña e o seu círculo íntimo dirixen a Eduardo Blanco Amor, daquela en Bos Aires. O escritor galego chega ofrecer ao expresidente da República o seu humilde salario de operario nunha tenda de mobles, na Arxentina, para paliar as necesidades dun Azaña abandonado por todos, recluído na pequena vila de Collonges-sous-Salève, na Alta Savoia. Son textos dunha intensidade estarrecedora, emocionante.

Xesús Alonso Montero, pola súa parte, comenta e ofrécenos nova documentación sobre un tema que noutro número xa mencionamos (*vid.* GRIAL 161. “O espello das letras”): o que el denomina a “Batalla de Montevideo”, acción galeguista, coordinada dende a resistencia interior ao franquismo e dende os grupos da emigración e do exilio, a prol da lingua galega diante da Conferencia da UNESCO que se celebrou en Montevideo en 1954, acción inspirada dende Galicia por Ramón Piñeiro.

É o discurso da Historia, mais tamén da memoria, xa que podemos volver sobre aqueles pasos. Por xustiza, por dignidade, porque as cousas non necesariamente foron como nolas contaron, contra o silencio e contra a desinformación, elaboramos esta nova entrega de GRIAL. ■

